



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento de dous funcionarios/as de carreira, praza de arquitecto/a, da escala da administración especial, subescala técnica, grupo de titulación A1, nivel 24

ANUNCIO

Nomeamento de funcionarios/as de carreira, prazas de arquitecto/a, da escala da administración especial, subescala técnica, grupo de titulación A1, nivel 24 funcionarios/as de carreira, polo sistema de concurso-oposición.

Por resolución núm. 1054 do Alcalde de data 23 de abril de 2026, resolveuse o seguinte que en extracto di:

“(…)

SEGUNDO.- Nomear a D. Antonio Corrochano Corrochano, con documento nacional de identidade núm. ***1408** e a Dona Mónica García Mallo, con documento nacional de identidade núm. ***4686**, funcionarios/as de carreira, da escala de administración especial, subescala técnica, praza de arquitecto/a, grupo A1.

TERCEIRO.- Asignar a D. Antonio Corrochano Corrochano o posto de arquitecto, código RPT vixente OM.1.1.05 e a Dona Mónica García Mallo o posto de arquitecta, código RPT vixente OM.1.1.06. O gasto efectuaráse con cargo ás partidas 151-12000, 151-12006, 151-12100, 151-12101, e a Seguridade Social con cargo á partida 151-16000.

CUARTO.-As persoas nomeadas deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes a contar dende o seguinte ao da publicación do seu nomeamento no BOP da Coruña.

QUINTO.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2. h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Tribunal de instancia do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, 23 de abril de 2026

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)